

María Cruz Andrade García, secretaria do Concello de Melide (A Coruña),

CERTIFICO:

Que a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na sesión Ordinaria que tivo lugar o xoves 26 de novembro de 2020 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

2. LICITACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO (CON PLURALIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN CON APLICACIÓN DE XUÍZOS DE VALOR E CRITERIOS DE APLICACIÓN AUTOMÁTICA) DA OBRA "PROXECTO DE MELLORA DA PAVIMENTACIÓN EN PISTA A PONTE DA PEDRA E OUTROS, MELIDE" POS + ADICIONAL 1/2018

Proposta de Acordo

exp. 2020/G006/000447

LICITACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO (CON PLURALIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN CON APLICACIÓN DE XUÍZOS DE VALOR E CRITERIOS DE APLICACIÓN AUTOMÁTICA) DA OBRA "PROXECTO DE MELLORA DA PAVIMENTACIÓN EN PISTA A PONTE DA PEDRA E OUTROS, MELIDE" POS + ADICIONAL 1/2018

Logo de ver o expediente de contratación da obra "**PROXECTO DE MELLORA DA PAVIMENTACIÓN EN PISTA A PONTE DA PEDRA E OUTROS, MELIDE**" incluída no Plan Provincial das obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) (POS+ADICIONAL 1/2018), no que constan entre outros antecedentes:

- a) "PROXECTO DE:MELLORA DA PAVIMENTACIÓN EN PISTA A PONTE DA PEDRA E OUTROS –MELIDE." de data decembro 2017 asinado dixitalmente o 13/12/2017 redactado polo enxeñeiro agrónomo Jesús Francisco Nieto Pais col nº 599 COIAG, cun presuposto de 214.298,32€ IVE incluído e prazo de execución de 4 meses.
- b) Informe do arquitecto Jacobo Fernández Malde asinado dixitalmente con data 19/12/2017 no que se di : -(...)Autorizacións Previas: A pista ca referencia 1 atopase dentro do ámbito dunha mámoa identificada no lugar de O Coto. A pista ca referencia 2 atópase dentro do ámbito da Igrexa de Xubial. A pista ca referencia 6 atópase dentro do ámbito da Igrexa de San Pedro de Folladela. A pista ca referencia 7 atópase dentro do ámbito do Castro de Campos e da Igrexa de Sta María de Folladela. As obras limpeza e apertura de cunetas e reposición de asfaltado, incluíndo pequenas obras de consolidación e drenaxe; segundo a lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia e as NN.SS. do Concello de Melide son obras autorizables. É necesario proceder á solicitude de informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.(...)"
- c) Acordo do Pleno do Concello de Melide de data 19 de decembro de 2017 sobre aprobación do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

municipal (Plan Único dos concellos) “ POS +2018” no que se inclúe este proxecto dentro do plan complementario

- d) Requirimento de subsanación de erros no proxecto, requirimento realizado pola Deputación da Coruña de data 2/02/2018
- e) Novo proxecto denominado **“PROXECTO DE:MELLORA DA PAVIMENTACIÓN EN PISTA A PONTE DA PEDRA E OUTROS –MELIDE.”** de data decembro 2017 asinado dixitalmente o 07/02/2018 redactado polo enxeñeiro agrónomo Jesus Francisco Nieto Pais col nº 599 COIAG, cun presuposto de 214.298,32€ IVE incluído (prezo sen IVE: 177.106,05€ + IVE: 37.192,27€) e prazo de execución de 4 meses e informe do arquitecto de asistencia asinado dixitalmente con data 19/02/2018
- f) Acordo do Pleno do Concello de Melide de data 20/02/2018 no que se aproba a corrección de erros de dous proxectos incluídos no plan complementario do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único dos concellos) “pos+2018” no que se inclúe este proxecto corrixido
- g) Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 25/04/2018 e rexistro 1238 na que se autorizan as obras de pavimentación da pista na Ponte da Pedra e outras, en varios lugares nas parroquias de Abeancos, Campos, Xubial e Folladela do Concello de Melide, de acordo coas consideracións e co cumprimento das condicións reflectida nos puntos 4.1 e 4.2 dos antecedentes e consideracións técnicas desta resolución.
- h) Informe do arquitecto de asistencia técnica Jacobo Fernández Malde asinado dixitalmente con data 2/05/2018 no que di:“(…) **Autorizacións Previas:**

Cóntase ca autorización das obras segundo resolución da D.X. do Patrimonio Cultural, debendo cumprir as seguintes condicións contidas na propia resolución:

Na pista da Ponte Pedra (parroquia de Abeancos) a limpeza das marxes será superficial, sen realizar remocións de terras nin desmontes nos tramos da vía que lindan co contorno de protección dos xacementos arqueolóxicos das Mámoas do Coto (tramos 1 e 2). Actuarase do mesmo xeito ñas obras na pista a Penacoba con respecto ao xacemento arqueolóxico da Mámoa 1 de Penacoba. De apareceren restos arqueolóxicos no transcurso das obras comunicarase decontado á DXPC, que indicará as medidas oportunas.

As obras na pista de acceso ao lugar do Casal (parroquia de Campos) realizaranse baixo control arqueolóxico continuo e a pé de obra para protexer a Pedrafito do Casal, situada mesmo á beira desta vía. Esta actividade enténdese, segundo o artigo 95 da LPCG, como a supervisión por parte de persoal técnico competente (arqueólogo/a) nun proceso de obras que afectan ou poden afectar un espazo de posible interese arqueolóxico, para establecer as medidas oportunas que permitan a conservación ou a documentación, se é o caso, das evidencias ou elementos de interese arqueolóxico que aparezan no transcurso daquelas. Este tipo de actuacións están regulamentadas e requiren a autorización da DXPC, segundo establece o Decreto 199/1997. De apareceren restos arqueolóxicos comunicarase decontado á DXPC, que indicará as medidas oportunas. Estas obras na pista do Casal limitaranse a reparar o pavimento existente no tramo da vía que pasa a carón do devandito megálito, sen anchar nin pavimentar

fóra da plataforma actual desta, e a limpeza das marxes será superficial, a man, e evitando tocar a devandita pedrafita e sen realizar remocións de terras nin desmontes nese punto.

Preservaranse as rasantes, anchura e trazado das vías que se van reparar e mais e os elementos de carácter natural ou tradicional (muros tradicionais de pedra, valos, sebes, noiros, arboredo frondoso autóctono, fontes, cruceiros...) que haxa ñas marxes destas. Especialmente, na pista de Folladela coidarase de non afectar o cruceiro situado mesmo á beira da pista que se vai reparar, e na pista ao Xubial (parroquia homónima) preservárase o cruceiro de Eirexe.

Na pista ao Xubial proxéctase un muro de escollera de contención e con cara vista no sobreecho da vía, de 32 m de largo e 1,85 m de altura, que se situaría na beira acareada ao lindeiro noroeste da parcela da “Casa Grande de Marín”. Non se considera xustificado (non hai noiro nin terras que conter nese punto) nin axeitado para a súa integración na contorna do devandito elemento. Buscarase unha solución cun muro tradicional de pedra que respecte o arboredo frondoso autóctono existente nese lindeiro.

As áreas destinadas a amosar material, maquinaria e residuos, así como os vehículos vinculados a estas obras, situaranse fóra do Camiños de Santiago e dos contornos de protección dos elementos de patrimonio cultural.

Por outra banda, logo de ter en conta que a Pedrafita do Casal non figura no Catálogo de Patrimonio Cultural de Galicia, nin no das NSP de Melide e tampouco no do Plan Básico Autonómico, considero oportuno que se catalogue decontado, dado o seu carácter como elemento arqueolóxico senlleiro no conxunto do megalitismo galego, e, singularmente, no conxunto do patrimonio arqueolóxico da comarca da Terra de Melide. Por tanto, deberá notificarse esta proposta ao Servizo de Planeamento e Inventario deste departamento e instar ao Concello de Melide a catalógala na súa normativa urbanística.

- *cambio do muro de escollera a muro tradicional, pode realizarse reducindo as dimensións dos elementos de pedra que configuran dito muro, polo que enténdese que non é necesario realizar modificación na documentación do proxecto.*

Dispoñendo da autorización das obras por parte da D.X. do patrimonio Xeral, non é preciso ningunha autorización sectorial máis.(...)”

- Declaración de data 30/05/2018 da alcaldía de inclusión no POS+adicional 1/2018 deste investimento que xa figuraba incluído no POS+2018 complementario e na que se xustifica a non división por lotes desta obra e acordo da Xunta de Goberno Local de data 7 de xuño de 2020 sobre acordo de conformidade coa aplicación da nova achega provincial asignada para o POS+adicional 1/2018 no que se confirma incluír este proxecto neste plan adicional.*
- Circular sobre a aprobación da 1º fase do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) adicional 1/2018 do 19/09/2018 no que se inclúe este proxecto sen condicións para a contratación co código de obra: 18.2001.0668.0*
- Providencia da alcaldía nº 260/2020 de data 05/06/2020 e asunto : Providencia inicio expediente licitación obra Proxecto de mellora da pavimentación en pista a Ponte da Pedra e outros, Melide Pos+ad 1/2018*
- Informe do arquitecto de asistencia técnica Jacobo Fernández Malde COAG 2928 de data 30/06/2020*

- m) Certificado de intervención de asunto: Certificado de existencia de crédito en relación ao gasto derivado do contrato de obra “Proxecto de mellora da pavimentación en pista a Ponte da Pedra e outros–Melide.” incluída no plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único dos concellos) “ pos + adicional 2018”. ref.: 221M/2020 e data 08/06/2020. no que di: “que no vixente orzamento municipal do Concello de Melide para ao exercicio 2020, existe crédito axeitado e suficiente para facer fronte ao gasto derivado do contrato de obra “Proxecto de mellora da pavimentación en pista a Ponte da Pedra e outros–Melide.” incluída no plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único dos concellos) “pos + adicional 2018” con cargo á aplicación orzamentaria 1532/619.00 por importe de 214.298,32€ (177.106,05€ valor estimado+ 37.192,27€de IVE)”.
- n) Certificado de intervención de asunto: recursos ordinarios orzamento do concello de Melide en relación á obra “proxecto de mellora da pavimentación en pista a Ponte da Pedra e outros–Melide.” incluída no plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único dos concellos) “ pos + adicional 2018”. ref.: 222M/2020 e data 08/06/2020
- o) Solicitud de prorroga de adxudicación e execución deste investimento ata o 30 de xuño de 2021 de data 05/11/2020
- p) Proposta de prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobado pola Deputación da Coruña e publicado no BOP do 30/05/2018, coas peculiaridades do Concello de Melide que se recollen nos anexos do prego da obra: “Proxecto de mellora da pavimentación en pista a Ponte da Pedra e outros–Melide.” incluída no plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único dos concellos) “pos + adicional 1/2018” asinada pola alcaldía dixitalmente o 09/11/2020
- q) Informe de secretaría ref.: 17/11/2020 e asunto: Informe en expediente contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de aplicación automática) das obras comprendidas no POS+ADICIONAL 1/2018 (proxecto de mellora da pavimentación na pista a Ponte da Pedra e outros, Melide),no que se conclúe : “ CONCLUSIÓN: Visto canto antecede, considérase que ata o momento presente o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, debendo seguir a tramitación o procedemento sinalado de conformidade coa lexislación aplicable e co estipulado nos pregos de cláusulas administrativas para a contratación das obras que son os aprobados pola Deputación Provincial no pleno da Corporación Provincial celebrado o 25 de maio de 2018, e publicados no BOP nº 101 do 30 de maio de 2018 e que deben utilizarse obrigatoriamente na contratación por así determinarse na circular sobre aprobación do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal Plan único de Concellos POS+ad 1/2018 (...)”

- r) Informe de intervención ref.:453M/2020 de data 18/11/2020 e asunto: Fiscalización do contrato da obra: “Proxecto de mellora da pavimentación en Pista a Ponte da Pedra e outros, Melide” Fiscalizado de conformidade

Sendo necesaria a execución destas obras segundo se define no propio proxecto e se establece na providencia da alcaldía nº 260/2020 e data 05/06/2020

Considerando que polas características da obra se considera como procedemento mais adecuado para a súa adxudicación o procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de aplicación automática)

Esta Alcaldía en virtude das facultades que ten outorgadas PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Motivada a contratación na providencia da alcaldía nº 260/2020 e data 05/06/2020 na que se acorda: “(..) *Motivar a contratación nos fundamentos que se establecen no expediente referenciado na parte expositiva deste acordo e no que establece o redactor no proxecto:* ” (..)2. **OBJETO DEL PROYECTO** .El objeto del presente, **PROYECTO DE MEJORA DE LA PAVIMENTACIÓN EN PISTA A PONTE DA PEDRA Y OTROS – MELIDE** es la definición y valoración de las unidades de obra necesarias para la mejora de estas pistas determinadas, las cuales se encuentran deterioradas debido al paso de maquinaria y vehículos pesados, densidad de tráfico, así como por las condiciones meteorológicas.

3. DESCRIPCIÓN Y LOCALIZACIÓN DE LAS OBRAS.

Se establece en el presente Proyecto, definir las obras necesarias e intervencións a realizar para el acondicionamiento y mejora de servicios, en la zona rural del Término Municipal de Melide, de los siguientes viales:

PISTA A PONTE DA PEDRA. (...))PISTA A XUBIAL(...))PISTA ACCESO O RIBEIRO(...))RAMAL A PISTA MARTAGONA(...))PISTA A PENACOVA(...))ACCESO A IGLESIA FOLLADELA(...))ACCESO A O CASAL(...)) PISTA DE ACCESO A MARCORAOS. (...))”

E que se inicie o expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), por razóns da contía e características da seguinte obra:

“PROXECTO DE: MELLORA DA PAVIMENTACIÓN EN PISTA A PONTE DA PEDRA E OUTROS – MELIDE.” de data decembro 2017 asinado dixitalmente o 07/02/2018 redactado polo enxeñeiro agrónomo Jesus Francisco Nieto Pais col nº 599 COIAG, cun presuposto de 214.298,32€ IVE incluído (prezo sen IVE: 177.106,05€ + IVE: 37.192,27€) e prazo de execución de 4 meses.(...)”

SEGUNDO: Non dividir en lotes tal e como se indica na declaración da alcaldía de data 30/05/2018 e no informe do arquitecto de asistencia técnica Jacobo Fernández Malde COAG 2928 de data 30/06/2020 o investimento obxecto do proxecto “Proxecto de: Mellora da Pavimentación en pista a Ponte da Pedra e Outros, Melide”

Así mesmo na circular da Deputación da Coruña sobre aprobación da 1º fase do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único dos Concellos) adicional 1/2018 de data 19/09/2018 di: “ *NOTA IMPORTANTE EN RELACIÓN COA ADXUDICACION EN LOTES* Coa finalidade de dar cumprimento ao establecido no artigo 99.3 da citada Lei 9/2017, de contratos do sector público, relativo á adxudicación en lotes, ese concello presentou neste POS+ Adicional 1/2018 (1ª fase) unha Declaración de Alcaldía na que se expoñían unha serie de motivos para a non división en lotes da adxudicación do contrato naqueles supostos nos que a natureza e o obxecto do mesmo así o permitira. Polo tanto, a adxudicación desta obra debe realizarse como unha unidade contractual, incorporando ao expediente o acordo ou resolución do órgano de contratación dispoñendo motivadamente a súa non división en lotes.”

TERCEIRO: Aplicar os pregos que obran no dito expediente: PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO (CON PLURALIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN CON APLICACIÓN DE XUÍZOS DE VALOR E CRITERIOS DE APRECIACIÓN AUTOMÁTICA) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobados pola Deputación da Coruña e publicados no BOP do 30/05/2018, coa aprobación das peculiaridades do Concello de Melide que se recollen nos anexos do prego da obra: “**PROXECTO DE: MELLORA DA PAVIMENTACIÓN EN PISTA A PONTE DA PEDRA E OUTROS –MELIDE.**” incluído no plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único dos concellos) “ POS +ad 1/2018”. Son os pregos aprobados no pleno da corporación provincial e publicados no BOP do 30/05/2018, coas peculiaridades do Concello de Melide que se recolle nos anexos da proposta de pregos feita pola alcaldía o 09/11/2020 na que se establecen os seguintes criterios de valoración:

CRITERIOS NON EVALUABLES MEDIANTE FÓRMULAS

- a) Plan de control de calidade....4 puntos
- b) Programa de traballo7 puntos
- c) Programa de actuación ambiental7 puntos
- d) Esquema do Plan de seguridade e saúde7 puntos

CRITERIOS EVALUABLES MEDIANTE FORMULAS:

Oferta Económica:8 puntos

Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa.2 puntos

Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa ... 12 puntos

Existencia de plan de igualdade na data de publicación da licitación ...10 puntos

Incremento do prazo de garantía30 puntos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

redución de prazos de execución ... 13 puntos

Segundo o sinalado polo arquitecto de asistencia técnica no seu informe de data 30/06/2020: O CPV do contrato é: 45233222-1 Traballos de pavimentación e asfaltado, 45233229-0 Mantemento de beiravías, non se esixe clasificación, a clasificación para efectos de acreditación de solvencia é Grupo G) Vías e pistas, Subgrupo 4 con firmes de mesturas bituminosas, Categoría 2; os medios persoais requiridos para a execución da obra son: un oficial 1ª e dous peóns especializados construción e en canto aos medios materiais: Camión Bituminador. Así mesmo os gastos derivados do control arqueolóxico como se recolle no prego serán por conta do contratista adxudicatario da obra, sen que supoña custo ningún para a administración.

CUARTO: Aprobar o expediente de contratación pola forma de procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de aplicación automática) e tramitación ordinaria da obra **“PROXECTO DE: MELLORA DA PAVIMENTACIÓN EN PISTA A PONTE DA PEDRA E OUTROS – MELIDE.”** de data decembro 2017 asinado dixitalmente o 07/02/2018 redactado polo enxeñeiro agrónomo Jesús Francisco Nieto Pais col nº 599 COIAG, cun presuposto de 214.298,32€ IVE incluído (prezo sen IVE: 177.106,05€ + IVE: 37.192,27€) e prazo de execución de 4 meses.

QUINTO: Aprobar o gasto correspondente á adxudicación da obra con cargo á partida 1532/619.00 .

SEXTO: As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse na forma e prazo que se indican nas epígrafes 9 e 10 do cadro de características do contrato, dentro do prazo do vinte días naturais contados dende o día seguinte ao de publicación do anuncio no perfil de contratante (art. 159 LCSP), dous sobres ou arquivos electrónicos cuxos documentos deberán ser asinados electrónicamente polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.

A documentación e proposicións que presenten os licitadores deberá presentarse única e exclusivamente de forma electrónica, a través da plataforma de contratación que se indica na epígrafe 9 do cadro de características, no enderezo electrónico que figura no cadro de características do presente prego, e conforme os requisitos técnicos establecidos na citada plataforma. En consecuencia non poderán presentarse en formato papel.

SÉTIMO: A Mesa de Contratación axustarase ao acordo de creación da mesa de contratación permanente , publicado no BOP nº 142 de data 30 de xullo de 2019.

OITAVO: Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

NOVENO: Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas . A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación e dar ao expediente de adxudicación a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

tramitación legalmente prevista e, logo que terminen as actuacións administrativas correspondentes, tralo informe técnico, procederase á adxudicación das obras.

Asinado dixitalmente na data que se sinala no marxe.

A secretaria da lectura á proposta enriba transcrita de data 23/11/2020.

A **Xunta de Goberno Local**, logo de examinada a proposta, en virtude da delegación de competencias efectuada pola Alcaldía mediante Resolución nº 433/2019 do 4 de xullo de 2019, corrixido polo decreto nº 445/2019 de data 11 de xullo (BOP Nº 142 do 30 de xullo de 2019), **ACORDA** por unanimidade dos **cinco** membros asistentes á sesión **APROBAR** a proposta nos termos enriba transcritos sobre **“LICITACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO (CON PLURALIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN CON APLICACIÓN DE XUÍZOS DE VALOR E CRITERIOS DE APLICACIÓN AUTOMÁTICA) DA OBRA "PROXECTO DE MELLORA DA PAVIMENTACIÓN EN PISTA A PONTE DA PEDRA E OUTROS, MELIDE" POS + ADICIONAL 1/2018"**, nos termos e coas condicións transcritos na proposta.

E para que conste e para os efectos da súa unión ao expediente da súa razón, e coa excepción que dispón o artigo 206 do ROF, expido e asino a presente certificación de orde e co visto e prace do Sr. alcalde dado en Concello de Melide, venres 27 de novembro de 2020.

Vº e prace/O alcalde /José Manuel Pérez Penas